



## A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la mejora de la seguridad vial y del firme de la N-550 en el Concello de Ordes.**

La carretera N-550, a su paso por el Concello de Ordes, presenta diversos problemas que requieren atención inmediata. El primero es el punto peligroso en la zona de acceso y salida de la parroquia Pereira, por una de sus vías principales, en el punto kilométrico 38,55 lateral izquierdo.

En este lugar, la visibilidad es muy reducida a la hora de efectuar la incorporación a la carretera N-550, por lo que sería necesario habilitar un carril de incorporación en sentido de la circulación hacia el casco urbano de Ordes, pudiendo utilizarse para ello la zona expropiada por la administración titular de la carretera. Además se requiere cualquier otra medida que consiga minimizar el riesgo, como la creación de un carril central para realizar giros a la izquierda, tanto al incorporarse a la N-550 dirección Santiago de Compostela, como para abandonar la carretera hacia la vía de acceso a la parroquia de Pereira, o incluso una rotonda para regular la circulación del tráfico sin riesgo.

Otra zona especialmente problemática es el tramo de la parroquia de Montaos, en la zona de Igrexa, en el punto kilométrico 41,30 al 41,45 lateral izquierdo, donde se producen de forma recurrente estancamientos de aguas pluviales con el consiguiente riesgo para el tráfico que pasa por encima de las balsas.

En este mismo lugar, la vía de servicio existente presenta un notable desnivel en el lateral de la cuneta, pero no dispone de mecanismos de protección para peatones y vehículos que eviten posibles caídas a la cuneta.

Además, la carretera N-550 tiene numerosos tramos en los que aún no se han abierto vías de servicio, lo que contribuiría a mejorar la seguridad vial. Su inexistencia en estos puntos limita las posibilidades de apertura de accesos a parcelas vecinas y dificulta la segregación



de las ubicadas en suelo rústico. Algunos de estos tramos se localizan en el centro de Canedo, en el punto kilométrico 24,4 al 25,7, en A Piolla, en el punto kilométrico 25,95 al 26,75 o en el centro de Axás, en el punto kilométrico 28,05 al 28,6, en todos ellos a ambos laterales.

Asimismo, es necesaria una actuación para facilitar el cruce entre las localidades de Moscoso y A Reboira, en el punto kilométrico 28,85 de la N-550, ya que la disposición de tres carriles en este tramo imposibilita el tránsito seguro de un lugar a otro. Por todo ello, los vecinos y vecinas reclaman que se instale un paso subterráneo que permita la comunicación entre ambos núcleos así como la posibilidad de realizar un cambio de sentido.

Por otro lado, es necesario analizar la posibilidad de ajustar los límites máximos de velocidad en núcleos de población que cuentan con viviendas cercanas a la vía, como Axás.

Por último, el firme de la N-550 en su conjunto a su paso por el Concello se encuentra en un grave estado de deterioro, siendo necesario adoptar medidas de conservación y mejora que garanticen la seguridad del tráfico.

Todos estos problemas, que afectan gravemente a la seguridad del tráfico, tanto a pie como en la carretera, fueron objeto de una campaña de recogida de firmas iniciada por el BNG, que ya han sido enviadas telemáticamente al Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible a través de la Demarcación de Carreteras de Galicia. El manifiesto ha sido respaldado por las firmas de numerosos vecinos y vecinas del Concello de Ordes, principales afectados por las deficiencias descritas, pero se trata de una reivindicación secundada por todas las personas que transitan diariamente por la carretera y sufren su mal estado.

Por todo ello, el BNG insta al Ministerio a que atienda las demandas vecinales que le fueron trasladadas a través de las hojas de firmas y a que inicie cuanto antes las mejoras necesarias en el tramo de la N-550 a su paso por el Concello de Ordes.

**Por los motivos expuestos, el BNG formula por escrito las siguientes preguntas al Gobierno:**

1. ¿Acometerán de forma urgente las necesidades de reparación y reforma integral del firme de la N-550 a su paso por el Concello de Ordes, dado que muestra un grave



- estado de deterioro, con grietas, desgaste y baches?
2. ¿Atenderá el Ministerio las demandas vecinales que le fueron trasladadas a través de las hojas de firmas e iniciará cuanto antes las mejoras necesarias en el tramo de la N-550 a su paso por el Concello de Ordes?

Madrid, a 24 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

24 MAY. 2025 19:15:07

Entrada **69631**

## Sobre a mellora da N-550 no Concello de Ordes

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á mellora da seguranza viaria e do firme da N-550 no Concello de Ordes.**

A estrada N-550 ao se paso polo Concello de Ordes, presenta distintos problemas que precisan de atención inmediata. O primeiro é o punto perigoso existente na zona de acceso e saída da parroquia de Pereira, a través dunha das súas vías principais, no punto quilométrico 38,55 na marxe esquerda.

Neste lugar a visibilidade é moi reducida para efectuar a incorporación na estrada N-550, polo que sería preciso habilitar un carril de incorporación en sentido de circulación cara o casco urbano de Ordes, podendo aproveitar para iso a zona expropiada pola administración titular da estrada. Ademais de calquera outra medida que logre minimizar o risco, como a creación dun carril central para efectuar xiros á esquerda, tanto na incorporación á N-550 en sentido a Santiago de Compostela, como para saír da estrada en dirección á vía de acceso á parroquia de Pereira, ou mesmo unha rotonda para regular a circulación do tráfico sen risco.

Outro dos lugares especialmente problemáticos é o tramo da parroquia de Montaos, no lugar da Igrexa, no punto quilométrico 41,30 até o 41,45 na marxe esquerda, en que se produce de xeito recorrente o estancamento de augas pluviais co conseguinte risco para o tráfico que pase por riba das balsas.



Neste mesmo lugar a vía de servizo existente presenta un notábel desnivel polo lado da cuneta, mais non ten habilitados mecanismos de protección para as persoas viandantes e vehículos que impidan posíbeis caídas á gabia.

Ademais a estrada N-550 ten moitos tramos en que aínda non se procedeu a apertura de vías de servizo, que contribuirían á mellora da seguranza viaria. A súa inexistencia neses puntos limita as posibilidades de abrir accesos ás parcelas limítrofes e dificulta a segregación das que se atopan en solo de núcleo rural. Algúns estes tramos encóntranse no núcleo de Canedo, no punto quilométrico 24,4 a 25,7, no lugar da Piolla, no punto quilométrico 25,95 a 26,75 ou no núcleo de Axás, no punto quilométrico 28,05 a 28,6, en todos eles en ambas marxes.

Así mesmo, é preciso unha actuación para facilitar o cruzamento entre os núcleos de Moscoso e A Reboira, no punto quilométrico 28,85 da N-550, pois a disposición de tres carrís neste tramo imposibilita o tránsito seguro dun lugar a outro. Por todo isto, a veciñanza reclama que se instale un paso subterráneo que permita a comunicación entre ambos núcleos así como a posibilidade de efectuar un cambio de sentido.

Por outro lado, é necesario analizar a posibilidade de axustar os límites máximos de velocidade, nos núcleos de poboación que presentan vivendas próximas á estrada, como pode ser o de Axás.

Por último, o firme da estrada na N-550 no seu conxunto ao seu paso polo Concello presenta un grave estado de deterioro, e precisa de medidas de conservación e mellora para garantir a seguranza do tráfico.

Todos estes problemas que afectan gravemente á seguridade na circulación tanto a pé como no tránsito rodado, foron obxecto dunha campaña de recollida de sinaturas iniciada polo BNG que foron xa remitidas de forma telemática ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel a través da Demarcación de Estradas de Galiza. O manifesto foi sustentado polas sinaturas de numerosos veciños e veciñas do Concello de Ordes principais afectados polas deficiencias



descritas, pero trátase dunha reclamación apoiada polo conxunto de persoas que circulan a diario pola estrada e padecen o seu mal estado.

O BNG reclama pois ao Ministerio que atenda as demandas veciñais que lle foron achegadas a través dos pregos de sinaturas e que inicie canto antes as necesarias melloras do tramo da N-550 ao seu paso polo Concello de Ordes.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas escritas dirixidas ao Goberno:**

1. Atenderá de forma urxente as necesidades de reparación e reforma integral do firme da N-550 ao seu paso polo Concello de Ordes dado que presenta un grave estado de deterioro, con fendas, desgaste e fochancas?
2. Atenderá o Ministerio as demandas veciñais que lle foron achegadas a través dos pregos de sinaturas e iniciará canto antes as necesarias melloras do tramo da N-550 ao seu paso polo Concello de Ordes?

Madrid, a 24 de maio de 2025

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**